

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA LICITACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “ATSP250401.- ORDENACIÓN DO CONTORNO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CHUS)”

A presente Memoria redáctase aos efectos do previsto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), así como do artigo 33 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

Así mesmo, será obxecto de publicación no perfil do contratante de SPI.Galicia www.spigalicia.es e na plataforma de Contratos de Galicia na páxina web www.contratosdegalicia.gal

Conforme ao art. 17 da LCSP, estamos ante un contrato de servizos.

1. ANTECEDENTES

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., (SPI) é unha Sociedade Anónima Unipersoal adscrita á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A sociedade ten por obxecto proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, previa autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e alleamento de toda clase de bens inmoables, xestión e realización das obras e dotación de servizos e a súa posible explotación.

A sociedade tamén ten por obxecto a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación deste.

Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación da dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que sexa aplicable polo seu carácter de sociedade mercantil pública autonómica en sociedades de obxecto idéntico ou análogo.

Nas súas actuacións haberá de respectar os principios de publicidade e concorrência propios da contratación administrativa.

Pola súa condición de Sociedade Pública Autonómica e en razón do seu obxecto social encádrase como poder adxudicador, que non ten o carácter de Administración Pública, segundo o artigo 3.3.d da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, establécese como Perfil de Contratante de SPI o seguinte: <http://www.spigalicia.es>. Nel inclúiranse tódolos datos e información relativos á presente licitación.

Con data do 15 de xullo de 2015, o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (na actualidade Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas) asinaron un Acordo de colaboración que ten por obxecto establecer o marco das encomendas que efectúe o Servizo Galego de Saúde (en diante SERGAS) á consellería para desenvolver as actividades xurídicas ou de carácter material, técnico ou de servizos propias da preparación, selección de contratista e adxudicación e execución de obras en materia de infraestruturas sanitarias, esixidas de acordo co Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Segundo o citado acordo, publicado por Resolución do 1 de setembro de 2015 (DOG núm.170, do 7 de setembro), o obxecto da intervención poderá consistir na realización pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, ben directamente, ben a través das súas entidades públicas instrumentais adscritas, de todo tipo de negocios xurídicos para realizar obras de infraestruturas sanitarias ou de determinadas actividades de carácter material, técnico ou de servizos a desenvolver na selección do contratista e adxudicación, execución ou seguimento dunha infraestrutura sanitaria.

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico, partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas co fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

Asemade, introduce no seu artigo 8 como novidade o principio de autoprovisión de bens e servizos dentro do propio sector público de tal xeito que “cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan”.

Con data 2 de agosto de 2024 o Concello de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Sanidade, Vivenda e Planificación de Infraestruturas e Medio Ambiente e Cambio Climático, asinaron o “Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela polo que se establecen as bases para a humanización, ordenación e mellora da accesibilidade do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela”, con obxecto de coordinar a realización de actuacións para lograr o óptimo funcionamento e integración na cidade do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, mediante a dotación de infraestruturas de aparcadoiro, de mobilidade e consecución de solos dotacionais, de modo coordinado coa execución das obras de ampliación do hospital consonte os principios e criterios orientadores da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

A obriga legal de realizar determinadas actividades tanto de carácter xurídico como técnicas, materiais e de servizos no curso da execución dun contrato público para a materialización das ditas actividades posibilita unha colaboración entre estas entidades que permite garantir unha maior eficacia na execución das infraestruturas, e, máis concretamente, coma acontece neste caso, na supervisión da documentación relativa á **“ORDENACIÓN DO CONTORNO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CHUS)”**, ao poder encomendar á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. a xestión de diversas actuacións de carácter técnico en relación coas mesmas, no marco proporcionado pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos del sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 e no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En suma, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. lle preste a súa colaboración ao Servizo Galego de Saúde na realización das actividades descritas.

A realización das actividades necesarias para a execución desta encomenda de xestión por parte da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. efectuarase a título gratuito, sen que exista retribución ou tarifa.

O servizo Galego de Saúde é o órgano competente da xestión económica e financeira dos créditos destinados a financiar o expediente de contratación e de contabilizar as operacións contables que se deriven desta encomenda.

2. NECESIDADES DO CONTRATO (Artigo 116.4.e) LCSP)

En base á Resolución de data 13 de xuño de 2025, o Servizo Galego de Saúde encomenda á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA a preparación, selección de contratista e adxudicación dos contratos de servizos para a redacción do Proxecto de Interese Autonómico de ordenación da contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), redacción do proxecto de expropiación, así como para redacción dos proxectos do aparcadoiro e mellora de accesos, consonte ao

disposto no artigo 9 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como a xestión de diversas actuacións de carácter técnico en relación coas actuacións obxecto de encomenda.

SPI Galicia, SA non dispón dos medios humanos e materiais necesarios para levar a cabo parte das actuacións encomendadas.

Como consecuencia do exposto anteriormente, e aos efectos do indicado nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, queda suficientemente motivada a necesidade de celebrar un contrato de servizos para a: **“ORDENACIÓN DO CONTORNO DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CHUS)”**

3. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a redacción de todos os documentos necesarios para definir a reordenación global do ámbito, e a concreta delimitación do mesmo conforme ao sinalado no punto anterior; que ademais servirán de base para a súa posterior tramitación urbanística e ambiental. Todo elo realizárase en colaboración coa Axencia Galega de Infraestruturas, dependente da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Así, serán obxecto deste contrato:

- Redacción da **Proposta de actuación** para a **Declaración de Interese Autonómico**, co contido que determina a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, Lei de Ordenación do Territorio de Galicia (LOGT).
- **Redacción da documentación técnica de ordenación global do ámbito, que servirá de base para a elaboración do PIA** coa delimitación do ámbito de actuación, a definición da urbanización, do viario a nivel de trazado, e da edificación dos aparcamentos a nivel de proxecto básico, e a posible ampliación de usos hospitalarios a nivel de anteprojecto co obxecto de garantir a súa compatibilidade e conectividade coa proposta. Describírase tamén as súas posibles fases de execución das obras.
- Redacción da documentación necesaria para a tramitación ambiental e urbanística a través dun **Proxecto de Interese Autonómico** (en diante **PIA**) nas súas sucesivas fases, prevista na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, Lei de Ordenación do Territorio de Galicia (LOGT)
- **Apoio técnico** no proceso de tramitación urbanística, ambiental e ao respecto do Patrimonio Cultural.
- Redacción do(s) **proxecto(s) de urbanización e integración paisaxística**.
- Redacción dos **proxectos de trazado** (no caso de que estos se tramiten de forma independente ao PIA) e **construción de viarios e accesos**.
- Redacción dos **proxectos de execución** dos aparcamentos e a posible demolición, que se definan na documentación técnica do PIA. Aínda que deberá resolverse a implantación e conexión interna

entre o edificio de ampliación hospitalaria e os aparcamentos, este proxecto de ampliación de uso sanitario será desenvolvido con posterioridade nun contrato independente.

- Elaboración dun **plan de comunicación** para o desenvolvemento da actuación coa máxima transparencia, e do material gráfico e audiovisual que represente e transmita o resultado da actuación na contorna do CHUS

4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDEMENTO EMPREGADO (Artigo 116.4.a) LCSP)

O artigo 131 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, establece que os contratos se adxudicarán, de xeito ordinario, empregando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido.

Neste expediente séguese o procedemento aberto, con aplicación de pluralidade de criterios de adxudicación, conforme ao establecido nos artigos 131.2 e 156 e seguintes da LCSP, para acadar a maior concorrencia de ofertas que sexa posible. A tramitación do procedemento será ordinaria.

Atendendo ao concepto de valor estimado, recollido no artigo 101 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e do seu cálculo, así como ao establecido no artigo 22 da dita Lei, este contrato atópase suxeito a regulación harmonizada.

5. INSUFICIENCIA DE MEDIOS (artigo 116.4.f) LCSP)

No referente aos contratos de servizos, a prestación destes realizarase normalmente pola propia Administración Pública mediante os seus propios medios. Porén, en atención ás esixencias legais previstas na propia LCSP, cando careza dos medios suficientes, deberá xustificarse no expediente de contratación esta insuficiencia.

Non obstante o anterior e á vista dos servizos obxecto deste contrato, indicados neste mesmo documento, a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA non conta cos medios especializados necesarios para levar a cabo os mesmos, polo que resulta necesaria a súa contratación externa.

6. DIVISIÓN EN LOTES (artigo 116.4.g) LCSP)

A correcta execución do contrato non permite a división en lotes. A contratación independente dos diferentes traballos que comprende a execución do contrato podería xerar conflitos entre os diferentes contratistas e deficiencias na prestación do servizo a realizar.

7. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO E ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (artigo 116.4.d) LCSP)

Cálculo dos custos:

MELLORA DO SISTEMA VIARIO E DE ACCESOS

- V-1 Mellora dos accesos viarios e ciclistas dende a zona de a Choupana
V-2 Mellora dos accesos viarios e ciclistas dende o Periférico e Mestre Mateo

Descrición	Ud	€ /ud	€
V-1 Proxecto de trazado Accesos Choupana	1	40.000	40.000,00
V-2 Proxecto de trazado Accesos Periférico e Mestre Mateo	1	70.000	70.000,00
V-1 Proxecto de Construción Accesos Choupana	1	40.000	40.000,00
V-2 Proxecto de Construción Accesos Periférico e Mestre Mateo	2	70.000	140.000,00
A-1 Cartografía zona do viario	2	5.000	10.000,00
A-2 Estudo xeotécnico zona do viario	2	20.000	40.000,00
A-3 Estudo Ambiental incluído patrimonio cultural accesos viarios	2	10.000	20.000,00
A-4 Tramitación urbanística e ambiental accesos viarios	2	10.000	20.000,00
A-5 Estudo de mobilidade con microcirculación	1	50.000	50.000,00
A-6 Reforzo dos servizos urbanísticos do hospital	1	30.000	30.000,00
Orzamento de execución material			460.000,00
Gastos xerais 13,00%			59.800,00 €
Beneficio industrial 6,00%			27.600,00 €
Orzamento base de licitación			547.400,00 €
IVE (21%)			114.954,00 €
Orzamento base de licitación con IVE			662.354,00 €

A tramitación poderá ser independente ou contida dentro do Proxecto de Interese Autonómico

No caso de tramitarse dentro do PIA, o contido dos proxectos de accesos e viario será o propio dun proxecto de trazado

REDACCIÓN E TRAMITACIÓN DO P.I.A. E REDACCIÓN DE PROXECTOS BÁSICOS E DE EXECUCIÓN

Redacción e tramitación Proxecto de Interese Autonómico		m2	€/m2	€
P-1	Proxecto Básico Urbanización e mellora da mobilidade interna	30.000,00	5,00 €	150.000,00 €
P-2	Proxecto Básico Aparcamento A Mestre Mateo - Periférico	15.000,00	7,00 €	105.000,00 €
P-3	Proxecto Básico Aparcamento B Rúa Cantaleta - Periférico	10.000,00	7,00 €	70.000,00 €
P-4	Proxecto/s Básico/s aparcamento/s en Superficie	5.000,00	7,00 €	35.000,00 €
P-5	Anteprojecto de Ampliación do espazo asistencial	40.000,00	10,00 €	400.000,00 €
		ud	€/ud	€
A-1	Cartografía zona do PIA	1	5.000,00 €	5.000,00 €
A-2	Estudo Xeotécnico da zona do PIA	1	40.000,00 €	40.000,00 €
A-3	Estudo Ambiental incluído patrimonio cultural da zona do PIA	1	40.000,00 €	40.000,00 €
A-4	Tramitación urbanística e ambiental	1	20.000,00 €	20.000,00 €
TOTAL REDACCIÓN E TRAMITACIÓN PIA				865.000,00 €

Redacción de proxectos de execución Aparcamentos e urbanización		m2	€/m2	€
P-1	Proxecto de Execución Urbanización e mellora da mobilidade interna	30.000,00	7,00 €	210.000,00 €
P-2	Proxecto de Execución Aparcamento A Mestre Mateo - Periférico	15.000,00	8,00 €	120.000,00 €
P-3	Proxecto de Execución Aparcamento B Rúa Cantaleta -Periférico	10.000,00	8,00 €	80.000,00 €
P-4	Proxecto/s de Execución aparcamentos en Superficie	5.000,00	8,00 €	40.000,00 €
TOTAL PROXECTOS DE EXECUCIÓN				450.000,00 €
Orzamento de execución material				1.315.000,00 €
Gastos xerais 13,00%				170.950,00 €
Beneficio industrial 6,00%				78.900,00 €
Orzamento base de licitación				1.564.850,00 €
IVE (21%)				328.618,50 €
Orzamento base de licitación con IVE				1.893.468,50 €

Debido a que o alcance definitivo dos proxectos básicos e de execución non se concretará ata que quede definido a documentación técnica do PIA obxecto de contratación, o valor estimado dos proxectos básicos e de execución obtense multiplicando o prezo unitario por metro cadrado proxectado (15 €/m2) pola superficie construída máxima prevista (30.000 m2) calculada en base a un ratio máximo de 30 m2/praza, sendo 1.000 o número mínimo de prazas a proxectar. O prezo unitario de 15 €/m2 é o resultado de considerar un módulo básico de construción de 500 €/m2 para o uso garaxe e un coeficiente de repercusión para a redacción dos proxectos do 3% do O.E.M.

COMUNICACIÓN

	Descrición	€	ud	€
1	Deseño plan de comunicación	3.000,00 €	1	3.000,00 €
1	Publicación de anuncios en prensa	7.000,00 €	6	42.000,00 €
1	Produción de vídeos divulgativos	10.000,00 €	2	20.000,00 €
1	Repositorio audiovisual	4.500,00 €	1	4.500,00 €
1	Organización e asistencia técnica de reunións	1.500,00 €	10	15.000,00 €
Orzamento de execución material				84.500,00 €
Gastos xerais 13,00%				10.985,00 €
Beneficio industrial 6,00%				5.070,00 €
Orzamento base de licitación				100.555,00 €
IVE (21%)				21.116,55 €
Orzamento base de licitación con IVE				121.671,55 €

RESUMO DO ORZAMENTO XERAL

	Descrición	€
R-1	Comunicación	84.500,00 €
R-2	Trazado e construción de Viario e Accesos	460.000,00 €
R-3	Proxecto de Interese Autonómico	865.000,00 €
R-4	Proxecto de execución aparcamentos e Urbanización	450.000,00 €
Orzamento de execución material		1.859.500,00 €
Gastos xerais 13,00%		241.735,00 €
Beneficio industrial 6,00%		111.570,00 €
Orzamento base de licitación		2.212.805,00 €
IVE (21%)		464.689,05 €
Orzamento base de licitación con IVE		2.677.494,05 €

O Orzamento Base de Licitación con IVE ascende a DOUS MILLÓNS SEISCENTOS SETENTA E SETE MIL CATROCIENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (2.677.494,05 €).

ANUALIDADES:

EXERCICIO	PRESUPOSTO	IVE	TOTAL
2025	22.128,05 €	4.646,89 €	26.774,94 €
2026	531.073,20 €	111.525,37 €	642.598,57 €
2027	663.841,50 €	139.406,72 €	803.248,22 €
2028	663.841,50 €	139.406,72 €	803.248,22 €
2029	331.920,74 €	69.703,36 €	401.624,10 €

8. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución do contrato será de **trinta (30) meses**, tal e como se indica no cadro de características do contrato.

8.1. Prazos parciais de execución do contrato

O prazo de execución do presente contrato estímase en **30 meses**, que se iniciarán desde a data de formalización do contrato de acordo coa seguinte programación, tal e como indica no cadro de características do contrato.

Ao inicio e durante a redacción do proxecto o adxudicatario manterá cos responsables do contrato todas aquelas reunións de coordinación que fosen necesarias para definir con precisión o alcance funcional do proxecto e obter así o correspondente visto bo previo.

Tramitación urbanística e ambiental, redacción dos proxectos e execución de actuacións preparatorias:

- Estímase que a partir do primeiro mes dende a formalización do contrato, se poderá presentar a Proposta de Actuación a fin de tramitar a Declaración de Interese Autonómico; así como a entrega da planificación temporal semanal dos traballos por realizar durante a vixencia do contrato, con referencia á data de formalización. Esta proposta de actuación deberá avaliar a compatibilidade do aparcamento B coa planificación urbanística vixente, de modo que o seu proxecto de execución se poida redactar en paralelo ao documento do PIA.
- Estímase a partir do mes 5 dende a formalización do contrato: realización dos traballos previos da cláusula 4.3 deste Prego, e entrega da documentación necesaria para o inicio da tramitación urbanística e ambiental, así como a **versión inicial** da documentación técnica necesaria para a ordenación global do ámbito que se estime necesaria.
- Estímase que no mes 12 dende a formalización do contrato: entrega da **proposta final** da documentación técnica necesaria para a ordenación global do ámbito necesaria para o PIA cun nivel de proxecto de trazado dos viarios e accesos, anteprojecto para a ordenación e as conexións coa ampliación do edificio sanitarios e de proxecto básico para a edificación dos aparcamentos.

A documentación definitiva do documento para tramitación urbanística e da documentación técnica necesaria para a ordenación global do ámbito, que incorporará as modificacións e correccións que procedan á vista do resultado da información pública e dos informes emitidos polos organismos competentes entregarase como máximo 1 mes despois da recepción do último dos informes.

- No caso de que o aparcamento B se tivese avaliado como compatible coa planificación urbanística vixente, no mes 12 entregarase o seu proxecto de execución.
- No mes 12 entregarase, ademais, o proxecto de urbanización da mellora da intersección da Choupana, de acordo co previsto no PXOM.
- Estímase que no mes 18 dende a formalización do contrato: entrega do proxecto ou proxectos de execución de edificación, do proxecto de urbanización e do proxecto ou proxectos de construción de viario e accesos para su supervisión inicial.
- Estímase que no mes 18 dende a formalización do contrato estará aprobado o documento para a tramitación urbanística.

- Estímase que no mes 30 dende a formalización do contrato estarán aprobados os proxectos de urbanización e o proxecto ou proxectos de construción de viario e accesos e os proxecto de execución de edificación, e estarán ocupados os terreos necesarios para a execución das obras.

En todo caso a Administración poderá suspender a execución do contrato durante estas fases de supervisión dos proxectos de conformidade co establecido na cláusula 4.6.4.

9. ESIXENCIA DE CLASIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE SOLVENCIA (Artigo 116.4.c) LCSP)

- Clasificación: Non procede.
- Solvencia económica e financeira.

Segundo o artigo 87 da LCSP, a solvencia económica e financeira acreditarase mediante:

A disposición dun seguro de indemnización por riscos profesionais, vixente ata o fin do prazo de presentación de ofertas, por importe non inferior ao valor estimado do contrato, aportado ademais o compromiso da súa renovación ou prórroga que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato.

A acreditación deste requisito, efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a fecha de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, nos casos nos que proceda

- Solvencia técnica.

Indicación do persoal que se compromete a adscribir ó contrato de conformidade co esixido no prego de prescricións técnicas particulares, identificando as persoas e o cargo a desempeñar no obxecto do contrato, e a súa experiencia en meses, sen incluír o posible incremento de recursos humanos, segundo o seguinte cadro:

NON SE INCLUIRAN NESTE CADRO O INCREMENTO DE RECURSOS HUMANOS SOBRE O ESIXIDO NOS PREGOS QUE REXEN A LICITACIÓN.

NOME E APELIDOS	CARGO	TITULACIÓN	EXPERIENCIA (meses)
	Grao Enxeñaría de camiños ou Arquitectura		
	Grao en Enxeñaría Civil ou equivalente		
	Grao en Arquitectura ou equivalente		
OBSERVACIÓN: Unha mesma persoa pode desempeñar máis dun dos cargos recollidos en cada unha das filas deste cadro sempre que teña a capacitación profesional e a formación pertinente para o desenvolvemento da correspondente función e sexa compatible coa dedicación ofertada que como mínimo ten que cumprir a establecida para ese posto na valoración recollida no prego de prescricións técnicas particulares			

Do persoal mínimo adscrito ó contrato que se indica nos pregos de cláusulas, esixírase a presentación da titulación académica e profesional (se é o caso a titulación comunitaria homologable) e a acreditación da experiencia única e exclusivamente de:

- unha persoa especialista en urbanismo: unha persoa en posesión da titulación de grao en **enxeñaría de camiños, canais e portos ou arquitectura** segundo a lexislación do Estado Español, ou ben titulación equivalente no estranxeiro. Deberá ter redactado nos últimos 10 anos algún dos

instrumentos sinalados no artigo 19 da Lei 1/2021, 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia ou os equivalente da anterior Lei 10/1995, do 23 de novembro (directrices de ordenación do territorio, plans territoriais, plans sectoriais ou proxectos de interese autonómico ou ben ter redactado algún instrumento urbanístico de carácter xeral (PXOM)

- unha persoa en posesión da titulación de grao en **enxeñería civil** ou equivalente, con experiencia mínima de 10 anos en redacción de proxectos de estradas ou viarios.
- unha persoa en posesión da titulación de grao en **arquitectura** ou equivalente segundo a lexislación do Estado Español, ou ben titulación equivalente no estranxeiro. Deberá ter redactado nos últimos 10 anos polo menos un proxecto de **urbanización ou de humanización paisaxística de rúas ou espazos públicos**, cun O.E.M. superior a un millón euros (1.000.000€) IVE excluído.

10. ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (Artigo 116.4.c) LCSP)

Os criterios utilizados para a adxudicación do contrato de execución de obras, serán os seguintes:

- ✓ Sobre B: Proposición técnica e outros elementos da oferta non cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e que dependan dun xuízo de valor
- ✓ Sobre C: Oferta económica e criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulas

Os sistemas empregados para a avaliación e ponderación de cada un dos devanditos criterios serán os seguintes:

a) Criterios avaliados mediante xuízo de valorata 100 puntos

Para a valoración das proposicións, a Mesa de contratación poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos e, en todo caso, terase en conta o seguinte baremo de puntuación seguinte:

1. Incremento dos recursos humanos mínimos ata 5 puntos

CONCEPTO		P _{Ti} máx
1.1	Número de persoas destinadas á execución dos traballos (N)	1
1.2	Dedicación ao contrato (D)	2
1.3	Idoneidade para a realización dos traballos (I)	2

2. Programa de traballos ata 10 puntos

CONCEPTO		P _{Ti} máx
2.1	Enumeración e descrición dos recursos dedicados á realización de distintas actividades.	4
2.2	Diagrama de Gantt con desenvolvemento das actividades indicando as que condicionan a realización do traballo ao derivarse de actividades críticas.	4
2.3	Investimentos mensuais previstos.	2

3. Plan de control de calidade e actuacións medioambientais ata 10 puntos

CONCEPTO		P _{Ti} máx
3.1	Supervisión Interna. Aspectos concretos dos procedementos e medidas implantadas para asegurar a calidade do traballo e cumprimento da normativa aplicable.	4
3.2	Proxecto sostible. Aspectos concretos dos procedementos e medidas para asegurar que o proxecto resultante sexa o mais sostible posible.	4
3.3	Minimización de Residuos. Aspectos concretos dos procedementos e medidas para asegurar que o proxecto resultante xere o menor número de residuos posible	2

4. Memoria descritiva do proceso de realización dos traballos..... ata 15 puntos

CONCEPTO		P _{Ti} máx
4.1	Metodoloxía. Alcance dos traballos e coñecemento	6
4.2	Problemáticas no desenvolvemento dos traballos	6
4.3	Propostas de estudos, proxectos e actividades en I+D+I e actuacións de carácter divulgativo.	3

5. Diagnose global e proposta técnica de deseño dun espazo concreto..... ata 40 puntos

CONCEPTO		P _{Ti} máx
5.1.	Análise global da situación actual. Diagnose acerca da mobilidade, do aparcamento, do crecemento do hospital e da integración urbana.	12
5.2.	Esquema de proposta global	12
5.3.	Calidade técnica e de deseño da solución proposta para o espazo concreto do aparcamento B.	12
5.4.	Adaptación da solución as necesidades funcionais e demais condicións establecidas no PPTP.	4

6. Medidas para o impulso demográfico ata 20 puntos

CONCEPTO		P _{Ti} máx
6.1.	Medidas de flexibilidade espacial.	6
6.2.	Medidas de flexibilidade temporal.	6
6.3.	Melloras dos permisos legalmente establecidos.	4
6.4.	Beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.	4

b) Criterios de valoración automática mediante a aplicación de formulas ou porcentaxes ata 100 puntos

1. Oferta económica.....ata 100 puntos

As puntuacións **P_E** das ofertas económicas e os cálculos das baixas **B_i**, obteranse segundo o seguinte proceso:

En función da proposición económica, as ofertas puntuaranse de acordo cos criterios que se indican a continuación:

$$P_E = 97 + 3 \times \frac{B_i - 0,8 \times B_e}{0,2 \times B_e}, \text{ para } 0,80 \times B_e < B_i \leq B_e$$

$$P_E = 90 + 7 \times \frac{B_i - 0,55 \times B_e}{0,25 \times B_e}, \text{ para } 0,55 \times B_e < B_i \leq 0,80 \times B_e$$

$$P_E = 90 \times \frac{B_i}{0,55 \times B_e}, \text{ para } 0 < B_i \leq 0,55 \times B_e$$

sendo:

→ P_E = Puntuación económica: De 0 a 100 puntos

→ B_i = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).

→ B_e = Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas que quedan excluídas da clasificación de acordo co artigo 149 da LCSP

A valoración económica final P_{Ei} de cada oferta redondearase ao segundo decimal.

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados considerarase que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións cunha B_i que:

- No caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, **sexa igual ou superior a oito (8)**.

Exceda a “Baixa de temeridade” B_T .

- ♦ presunción de temeridade: $B_i > B_T$, se $n \geq 8$

- ♦ onde, $B_T = B_r + K * \sigma$

sendo:

- B_r = baixa de referencia, calculada como mínimo [B_m , B'_m]
- B_m = baixa media calculada
- B'_m = media aritmética das baixas das ofertas que cumpran a condición seguinte: $(B_m - \sigma) \leq B_i \leq (B_m + \sigma)$
- B_i = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído), de todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados
- σ = desviación típica calculada.

$$\sigma = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$

- n = número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados

- K = factor de temeridade, definido por un número enteiro positivo que se fixa na folia de especificacións que acompaña a este prego.
- σ' = desviación típica das baixas das ofertas que cumpren a anterior condición sinalada para o cálculo de B'_m .
- No caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, **sexa superior a tres (3) e inferior a oito (8).**

Exceda a baixa de referencia en máis de catro (4) unidades.

- ♦ Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 4$, se $3 < n < 8$
- ♦ Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior.
- No caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, **sexa tres (3).**

Exceda a media aritmética das baixas porcentuais das baixas admitidas en máis de dez (10) unidades.

Con todo, excluírase para o cómputo da dita media a oferta coa baixa porcentual máis pequena cando sexa inferior en máis de 10 unidades a esa media e consideraranse anormais as ofertas con baixas porcentuais superiores ao 25 % do orzamento de licitación.

- ♦ Presunción de temeridade: $b_i > 25$ ou $b_i > b_m^* + 10$
 - $n = 3$, $b_1 \leq b_2 \leq b_3$
 - b_m^* :

$$b_m^* = \frac{b_2 + b_3}{2}, \text{ si } b_1 < b_m - 10$$

$$b_m^* = b_m, \text{ en caso contrario}$$
- No caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, **sexa dous (2).**

Exceda á baixa porcentual da outra empresa licitante en vinte (20) ou máis unidades.

- ♦ Presunción de temeridade da oferta b_1 : Se $b_2 > b_1 + 20$
 - $n = 2$, $b_1 \leq b_2$
- No caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, **sexa unha (1).**

Sexa superior ao 25 %.

- ♦ Presunción de temeridade da oferta: $b_1 > 25$
 - $n = 1$

Cando concorran á licitación presentando distintas proposicións económicas, de maneira individual ou en unión temporal de empresas, empresas vinculadas ou pertencentes a un mesmo grupo, entendendo por tales as que se

atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as presentadas por estas empresas ou polas UTEs de que formen parte.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal conforme o establecido nos parágrafos anteriores, a Mesa de Contratación solicitará, vía correo electrónico, a información necesaria, dándolle audiencia ao licitador, para que poida estar en disposición de determinar se certamente a oferta resulta normalmente baixa en relación coa prestación e, por iso, debe ser rexeitada ou, no caso contrario, a dita oferta non resulta anormalmente baixa e debe ser tida en conta para a adxudicación do contrato.

Para iso, a Mesa de Contratación solicitará as precisións que estime oportunas sobre a composición da citada oferta económica e as súas xustificacións, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección de emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación ou a posible obtención dunha axuda de Estado, tal e como se recolle no artigo 149.4 da LCSP.

O licitador dispoñerá dun prazo máximo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día no que reciba a solicitude, para presentar as súas xustificacións tamén por vía electrónica. Se transcorrido este prazo a Mesa de Contratación non recibiu as ditas xustificacións, considerarase que a proposición non poderá ser cumprida e, por tanto, a empresa quedará excluída como candidata á adxudicación.

Se, no caso contrario, recibíronse en prazo as citadas xustificacións, a Mesa de Contratación decidirá, despois de analízalas, e solicitados os informes técnicos correspondentes que fosen necesarios, ben a admisión da oferta contando con ela para todos os efectos para resolver o que proceda en relación coa adxudicación do contrato, ou ben o seu rexeitamento.

En todo caso, o órgano de contratación rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpran as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 da LCSP.

En todo caso, este feito non modificará os cálculos xa realizados para determinar o valor da baixa de referencia **Br**.

2. Puntuación criterio laboral: estabilidade no emprego..... ata 5 puntos

Cada licitador indicará se se compromete a adscribir durante a execución do contrato unha porcentaxe de traballadores fixos como mínimo do 50% do total de persoal.

A estes efectos, considerarase que cumpren a condición tanto os traballadores por conta allea, cun contrato laboral fixo, como os traballadores por conta propia ou autónomos.

O adxudicatario controlará a observancia desta condición por parte dos subcontratistas, cuxos datos computarán conxuntamente cos do adxudicatario aos efectos do cumprimento do criterio.

O licitador que asuma o dito compromiso obterá unha puntuación P_L de cinco (5) puntos e os licitadores que non oferten ese compromiso non obterán ningún punto neste criterio de valoración.

Se algún licitador non especificase na súa oferta este criterio, entenderase que non asume o dito compromiso e obterá unha puntuación de cero (0) puntos.

c) Puntuación final obtida por cada licitadorata 100 puntos

Para a valoración das proposicións sumaranse os puntos obtidos nos apartados anteriores para obter a puntuación técnica (P_T) e a puntuación económica (P_E), calculándose a puntuación final (P) de acordo coa seguinte fórmula:

$$P = \left(\frac{A}{100} \times P_T \right) + \left(\frac{B}{100} \times (0,95 \times P_E + P_L) \right)$$

Cada un dos valores A e B estará comprendido entre un mínimo de 40 e un máximo de 60, coa condición que $A + B = 100$, e os mesmos especificaranse na folla de especificacións.

Resultará adxudicataria aquela empresa licitadora que obteña a maior puntuación do total posible segundo a aplicación do baremo anterior, e tendo en conta que todos os valores numéricos serán redondeados ao segundo decimal.

CRITERIOS DE DESEMPATE

En caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación e en aplicación do establecido no artigo 147 da LCSP, prevalecerán as proposicións presentadas polas empresas que se sinalan a continuación, segundo a seguinte orde de preferencia:

En primeiro lugar:

- A empresa que conte no seu cadro de persoal cunha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento:
 - A empresa dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social.
 - Se varias empresas licitadoras das que tiveran empatado en canto á mellor oferta acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por cento, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

En segundo lugar:

A disposición da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade ou doutra certificación equivalente, ou ben que identifiquen na súa proposición medidas concretas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes e/ou que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Nestes dous últimos supostos, o licitador deberá acreditar a equivalencia do certificado presentado ou das medidas propostas respecto da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade. A acreditación desta equivalencia será achegada no momento de presentar a proposición.

Se o licitador fixese uso desta preferencia, estará obrigado a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación que, de resultar o contrato de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal.

En terceiro lugar:

- O licitador cunha maior porcentaxe de mulleres empregadas do persoal adscrito a execución do contrato.

En cuarto lugar:

- A empresa que teña unha maior valoración técnica.

No caso de existir igualdade na aplicación da preferencia sinalada anteriormente, realizarase un sorteo nun acto público que se comunicará con antelación suficiente aos licitadores.

A mesa de contratación poderá solicitar canta información estime pertinente aos licitadores para comprobar os datos declarados.

11. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

En aplicación do artigo 202 da LCSP, recóllense as seguintes condicións especiais que garanten a execución do contrato nos termos pactados, mediante a subscrición dos correspondentes seguros, o reforzo de cuestións en materia ambiental, laboral e de subcontratación, e a adscrición de medios requiridos e ofertados polo licitador.

Son condicións especiais do contrato as seguintes:

1. Adscrición de medios. O adxudicatario estará obrigado a manter adscritos á execución do contrato todos os medios necesarios para a súa execución. En particular, estarán a disposición todos aqueles medios persoais e materiais que se recollen na súa oferta (ou substituídos por outros equivalente de conformidade coa dirección do contrato, do responsable do contrato ou do órgano de contratación) e, de forma específica, e no seu caso, os medios requiridos na folla de especificacións, de conformidade co artigo 76 da LCSP como concreción das condicións de solvencia.
2. Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais. O adxudicatario deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil, que deberá ser subscrito antes da firma do contrato e permanecer vixente durante todo o prazo de execución, cos requisitos establecidos neste prego e na folla de especificacións.

Cando o adxudicatario sexa unha UTE, o seguro será subscrito pola UTE pola totalidade do importe esixido anteriormente, ou por todas as empresas que compoñan a UTE, cada unha pola totalidade do importe esixido anteriormente.

Poderá cumprirse esta condición mediante a extensión ao presente contrato do seguro de responsabilidade civil que xa tivese concertado a empresa adxudicataria, sempre que quede cuberta a suma asegurada indicada, e se acredite mediante a correspondente certificación expedida en nome da compañía aseguradora por persoa con poder bastante.

3. Obrigacións de carácter social e laboral. O adxudicatario estará obrigado a cumprir as seguintes condicións:
 - ☒ Empregar na execución do contrato unha porcentaxe de traballadores fixos non inferior ao 30% do total. O adxudicatario controlará o cumprimento desta condición por parte dos subcontratistas, cuxos datos computarán conxuntamente cos do adxudicatario a efectos do seu cumprimento.
 - ☒ O cumprimento das normas legais, os convenios colectivos e os acordos de negociación colectiva de eficacia xeral que sexan de aplicación. Especialmente, e cando cumpra por estar recolleito en calquera

dos instrumentos citados anteriormente, a obrigación de subrogación como empregador en determinadas relacións laborais.

- ☒ Executar a obra cumprindo estritamente a lexislación sobre prevención de riscos laborais.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción desas normas, considerarase incumplida esta condición esencial do contrato cando, con ocasión de execución da obra e durante a vixencia do contrato, se impuxesen pola autoridade laboral, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación sobre prevención de riscos laborais. Este incumprimento será causa de resolución de conformidade co establecido neste prego.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas ás que nesta materia se comprometa na súa oferta.

4. Obrigas en materia de igualdade. De conformidade ao establecido no artigo 84.3 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG núm. 233, do 11 de decembro de 2023), o adxudicatario deberá dar cumprimento as seguintes medidas:

- ☒ Presentar no momento de formalización do contrato un protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo ou por orientación sexual, no ámbito de desenvolvemento do contrato.

O protocolo antiacoso garantirá a dignidade das persoas traballadoras fronte ás situacións de acoso sexual ou por mor do sexo ou orientación sexual, no que, polo menos, se configurarán medidas, entre outras, preventivas, de detección ou identificativas e de protección e apoio efectivas, así como a programación das accións de seguimento, control e avaliación necesarias. Neste protocolo específico promoveranse as condicións de traballo que eviten as condutas, actitudes, prácticas ou manifestacións da índole sinalada, incluídas as canalizadas no ámbito dixital, e estableceranse actividades de información, formación e sensibilización do persoal adscrito ao contrato para identificar esas situacións e previlas.

- ☒ Incluir nas accións de prevención de riscos laborais e de saúde laboral a perspectiva de xénero.

O adxudicatario debe ter implementada unha canle electrónica específica para que o persoal adscrito á execución do contrato poida presentar as queixas ou denuncias en caso de posibles incumprimentos destas condicións así como das medidas ofertadas en materia de impulso demográfico. De todas as queixas e denuncias informaráselle ao responsable do contrato así como o resultado que corresponda. Entenderase que non se presentaron queixas ou denuncias na dita canle cando o responsable do contrato non recibira notificacións destas.

Así mesmo, o contratista deberá presentar no prazo de dous meses dende que finalice o prazo de execución do contrato unha memoria xustificativa do cumprimento destas medidas, sen prexuízo das facultades do órgano de contratación de comprobar o cumprimento das mesmas en calquera momento da execución do contrato e, en particular, no caso de recibir unha denuncia por parte do persoal afetado.

5. Obrigas relativas ás medidas para o impulso demográfico. Durante a execución do contrato o adxudicatario deberá cumprir todas as medidas para o impulso demográfico sinaladas na súa oferta.

- ☒ O contratista deberá establecer, no prazo máximo de un mes dende o inicio da execución do contrato, e manter operativas durante a súa execución, canles específicas, distintas da canle xeral de denuncias, para que os traballadores que executan o contrato podan presentar denuncias, queixas ou reclamacións polo

incumprimento dos compromisos sociais, e para comunicar estas incidencias a SPI Galicia nun prazo máximo de unha semana dende a recepción das mesmas. A existencia destas canles de incidencias deberán ser notificadas expresamente ós traballadores que executen o contrato, dentro do anterior período dun mes.

O contratista, no prazo máximo de dous meses dende o inicio da execución do contrato, deberá remitirle a SPI Galicia un informe no que detalle a posta en funcionamento das anteriores canles, xustifique a notificación expresa da súa existencia, realizada aos traballadores, e a maneira na que SPI Galicia terá coñecemento de calquera incidencia coñecida a través destas canles.

Ademais, ante calquera incidencia o contratista deberá presentar a SPI Galicia un informe no que dea resposta á reclamación, concluíndo expresamente sobre a súa improcedencia ou, en caso contrario, sobre as medidas que adoptará para corrixir calquera incumprimento dos compromisos sociais adquiridos coa presentación da súa oferta.

- ☒ Dentro do mes seguinte ao cumprimento de cada ano da execución do contrato, o contratista presentará a SPI Galicia un informe no que detalle o cumprimento desta obriga contractual durante os 12 meses anteriores, incluíndo un resumo das incidencias producidas durante ese mesmo período.
- ☒ Dentro dos dous meses seguintes ó remate da execución do contrato, o adxudicatario deberá entregar a SPI Galicia un informe detallado sobre os resultados da implementación de cada unha das medidas para o impulso demográfico incluídas na súa oferta. Este informe deberá incluír, para cada medida, a identificación do persoal asignado á execución do contrato que se beneficiou das mesmas, así como os detalles específicos da súa aplicación. No caso de que algunha medida non puidese ser implementada, xa fose de maneira xeral ou particular, ou se algunha persoa fose excluída da súa aplicación, deberanse detallar as circunstancias e xustificacións pertinentes.

En todo caso, en calquera momento durante a execución do contrato, SPI Galicia poderá verificar o cumprimento das medidas e poderá solicitar informes coa información mencionada anteriormente.

6. Obrigacións de carácter ambiental. O adxudicatario executará a obra cumprindo estritamente a lexislación vixente en materia ambiental.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción desas normas, entenderase incumplido o contrato de maneira esencial cando con ocasión da execución do contrato se impuxesen pola autoridade ambiental, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación ambiental e protección do medio ambiente.

Este incumprimento de maneira esencial será causa de resolución de acordo co establecido neste prego.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas que nesta materia comprometa na súa oferta.

7. Obrigacións en materia de subcontratación. O adxudicatario deberá cumprir todas as prescricións relativas á subcontratación recollidas nos artigos 215 e seguinte da LCSP.

Antes de subscribir a acta de comprobación de replanteo verificarase a existencia dunha declaración responsable por parte do adxudicatario da intención de celebrar subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou

representantes legais do subcontratista, que deberán contar coa capacidade e aptitude para executar os traballos e non se atoparán incursos en prohibición de contratar.

En especial verificaranse as obrigacións de información do Contratista previstas no Prego, a efectos de comprobación de pagos por parte do Contratista a subcontratistas.

8. Obrigacións en materia de protección de datos de carácter persoal. No caso de que durante a execución do contrato se requirise o tratamento polo contratista de datos persoais, terán carácter de condicións esenciais do contrato as obrigacións ao respecto establecidas neste prego.

12. FITOS E OBXECTIVOS

Programa: **412A-ATENCIÓN ESPECIALIZADA (SERGAS)**

Concepto: **621.1 - PLANS DIRECTORES E OUTRAS ACTUACIÓNS EN CENTROS HOSPITALARIOS**

Tipoloxía de actuación: servizos

Tipoloxía de gasto: a tanto alzado

Proxecto de gasto: 2017 00002 FIS – ACTUACIONES EN HOSPITAIS SANTIAGO DE COMPOSTELA

Plan Estratégico	Planificación de fondos Europeos	Actividade	Indicador	Fito
PEG 2022-2030	NON ESTÁ PREVISTO O FINANCIAMENTO CON FONDOS EUROPEOS	Eixo E1: O reto demográfico Prioridade de actuación: PA04 -Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade Obxectivo estratéxico: E05 Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os centros sanitarios enerxeticamente mais eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente. Obxectivo operativo: OO01 Adecuar as instalacións e o equipamento en atención hospitalaria ás necesidades de usuarios e traballadores, coa mellora dos centros de de traballo e mantemento das súas instalacións e equipos, e coa posta en marcha de novos centros asistenciais.	P00163 – Centros hospitalarios construídos e/ou mellorados	1

13. FINANCIAMENTO E EXISTENCIA DE CRÉDITO

O servizo Galego de Saúde será o órgano competente da xestión económica e financeira dos créditos destinados a financiar o expediente de contratación e de contabilizar as operacións contables que se deriven deste servizo tal e como se recolle na encomenda realizada por parte da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade.

De conformidade co Acordo de colaboración entre o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se determina o marco das encomendas que efectúe o organismo autónomo á consellería e ás entidades instrumentais adscritas a esta, no ámbito da contratación pública en materia de obras de infraestruturas sanitarias, aprobado no Consello da Xunta de Galicia do 15 de xullo de 2015, e por resolución do 13 de xuño de 2025 do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde pola que se encomenda á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA realizar a preparación, selección de contratista e adxudicación dos contratos de servizos para a redacción do Proxecto de Interese Autonómico de ordenación da contorna do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), redacción do proxecto de expropiación, así como para redacción dos proxectos do aparcadoiro e mellora de accesos, consonte ao disposto no artigo 9 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público,

así como a xestión de diversas actuacións de carácter técnico en relación coas actuacións obxecto de encomenda , existe o crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais do Servizo Galego de Saúde para atender as obrigas económicas que se deriven do cumprimento e execución do contrato.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Angela Bouzada Valverde
Coordinadora de Áreas

Francisco Menéndez Iglesias
Presidente de SPI Galicia, SA